

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10

SESION EXTRAORDINARIA DO 12 DE XUÑO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
López Font, Carlos
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Alonso Suárez, Olga (concelleira do grupo municipal Socialista)
Lago Rey, M^a Jesús (concelleira do grupo municipal Socialista)
Marra Domínguez, M^a Angeles (concelleira do grupo municipal Socialista)
Figueroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Jácome Enríquez, Xosé Lois (concelleiro do grupo municipal de Marea)
López Barreiro, Margarida (concelleira do grupo municipal de Marea)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día doce de xuño do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr.

Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, López Font, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señoras/es concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello de Vigo número 10, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, ábrese sesión pública, se constata quórum, como vostedes saben é un Pleno marcado polas normas os efectos de aprobar as actas que quedaron pendentes e polo tanto ten un punto único da orde do día, co que procedemos. É unha sesión extraordinaria procedemos co punto único.

ÚNICO (68).- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SEGUINTE ACTAS: Nº 4, CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA O DÍA 22.03.2019; Nº 5, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DIA 27.03.2019; Nº 6, CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA O DÍA 2.04.2019; Nº 7, CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DIA 24.04.2019; Nº 8, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DIA 24.04.2019 E A Nº 9, CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DIA 29.04.2019.

PRESIDENCIA: Algunha observación?

Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as seguintes actas: nº 4, correspondente á sesión extraordinaria e urxente realizada o día 22.03.2019; nº 5, correspondente á sesión ordinaria realizada o día 27.03.2019; nº 6, correspondente á sesión extraordinaria e urxente realizada o día 2.04.2019; nº 7, correspondente á sesión extraordinaria realizada o día 24.04.2019; nº 8, correspondente á sesión ordinaria realizada o día 24.04.2019 e a nº 9, correspondente á sesión extraordinaria realizada o día 29.04.2019.

PRESIDENCIA: Señoras, señores concelleiros hoxe é o último Pleno deste mandato, agradézolles a todos o seu traballo durante estes catro anos, os que deixen o Pleno deste Concello lles desexamos boa sorte na súa vida profesional e mesmo na política, os que continúen e aos demais nos seguiremos vendo a partires do próximo sábado día 15.

Moitas gracias.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e catorce minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de xuño de 2019. Consta de 2 folios da serie A numerados do 2729509 ao 2729510, e números do 1014 ao 1015.

Vigo, a 12 de xuño de 2019
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que o presente libro de actas comprende dez actas, sendo a primeira a sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2019, e a última a sesión extraordinaria de 12 de xuño de 2019, quedando anuladas as follas da serie A, número 2729232 á 2729236, 2729320 á 2729358 e do 2729359 á 2729410 por dificultades no equipo de impresión, incluíndose ó final do presente libro.

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Vigo, a 12 de xuño de 2019
O SECRETARIO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda